COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

NOTA DE PRENSA

ELECCIÓNS COLEXIO DA PROCURA DE VIGO 2026

Fandiño, reelixido decano da procura co 80% dos votos



MÁIS COMPETENCIAS E MÁIS UNIÓN. A nova xunta de goberno do Colexio da Procura de Vigo centrará o seu traballo en lograr máis competencias e capacidades para a procura, así como no traballo de manter a unión e a ambición do colectivo profesional. Na imaxe, de esquerda a dereita e de atrás cara adiante, a nova directiva: Eva Mª Martínez (vogal), José Ramón Curbera (secretario), Mª Teresa Villot (vicetesoureira), Jorge Suárez (tesoureiro); María Martínez (vogal), Cristina del Río (vicedecana), José Antonio Fandiño (decano), Mª Carmen Sánchez (vogal) e Mª Carmen Hermida (vicesecretaria). **FOTO: Punto GA-M. Riopa.**

18.06.2026. O procurador José Antonio Fandiño volveu ser elixido decano do Colexio da Procura de Vigo tras recibir o 80% dos votos, nas eleccións á xunta de goberno celebradas onte. Fandiño obtivo 82 dos 103 votos emitidos para a elección do decanato. O resto dos membros da xunta directiva presentada por Fandiño obtiveron una media do rexistrou o 78% dos votos emitidos nas elección celebradas onte á tarde.

“Somos unha inmensa maioría os que cremos que o Colexio de Vigo ten que seguir medrando unido, que os procuradores debemos ter máis

Servizo de comunicación Colexio da Procura de Vigo
manuelvsola@puntoga.com / claudia.moran@puntoga.com
986 119 298 / 628 274 100/ 620 628 741

competencias xudiciais para desatascar a Xustiza e que Vigo precisa uns recursos xudiciais acordes coa poboación e o número de empresas que debe atender. Por todo iso traballaremos", explicou José Antonio Fandiño.

O programa da nova xunta directiva recolle, entre outras cousas, seguir a traballar co Consejo General de Procuradores de España (CGPE) e cos grupos políticos do Congreso dos Deputados para lexislar competencias que a procura dos países da nosa contorna xa teñen e que sitúan España entre os países con maior dilación na execución das sentencias.

A equipa de goberno da procura viguesa tamén impulsará iniciativas para aumentar as salas da Audiencia Provincial en Vigo e o número de xulgados do Mercantil. Na parte máis profesional, impulsará medidas para mellorar as condicións da quenda de oficio, incrementar a formación ou instaurar un réxime de substitucións profesionais en favor da procura viguesa.

Primeiro de España con nome inclusivo

O Colexio da Procura de Vigo –anteriormente Ilustre Colexio de Procuradores de Vigo– estreou nova denominación a finais de 2025, converténdose no primeiro e, até o de agora, único colexio de España en adoptar un nome inclusivo. Tamén é o primeiro colexio do Estado en someter a un referendo a votación de nome e imaxe corporativa.

O Colexio conta na actualidade con 124 procuradoras e procuradores exercentes e 14 non exercentes que se enmarcan nas áreas xudiciais do Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo. A gran maioría son mulleres.

[LIGAZÓN AO PROGRAMA NA WEB]

[LIGAZÓN Á NOVA WEB]

Servizo de comunicación Colexio da Procura de Vigo
manuelvsola@puntoga.com / claudia.moran@puntoga.com
986 119 298 / 628 274 100/ 620 628 741